

P R O G R A
M A A U D I
T O R I O M U
N I C I P A L
D E O U R E N S E
M A I O
X U Ñ O
D O U S M I L D E Z A S E T E



**AUDITORIO
MUNICIPAL
DE OURENSE**



@ourensecultura


Data	Actividade: Obra (Compañía/Artista)	Hora	Público
4 mai. - 12 xuñ.	Máis alá das nubes: XVIII Exposición Animación á Lectura		
3 mai.	Correlingua: Festa da lingua	10h,12h	Escolar
5 mai.	Bebés: Os contos do chupete (Migallas Teatro)	18h,19h	ata 4 anos
6 mai.	Danza: Oskara (Kukai Danza)	23h	+ 16 anos
7 mai.	Teatro: SMART, como un teléfono intelixente ... (SMART)	12h	+ 6 anos
8 mai. - 16 xuñ.	Exposición: CEIP Mende	20.30h	Todos
10,11 mai.	Teatro: Memorias dun ser humano disperso (versión 6.0)	20.30h	+ 18 anos
12 mai.	Teatro: Os mortos daquel verán (Talía Teatro)	20.30h	+ 14 anos
13 mai.	Concerto: Coti (Cercanías y confidencias)	20.30h	Todos
14 mai.	Danza-circo: Up2Down -TrasPedante (Pistacatro)	12h	Todos
16 mai.	Concerto Letras Galegas: Real Filharmonía de Galicia	20.30h	Todos
19 mai.	Concerto: Escuchando Elefantes (Pres. novo álbum)	21.30h	Todos
20 mai.	Concerto: Unidade de Música da Garda Real	19.30h	Todos
21 mai.	Música: Cancións para desafinar (Gramola Gominola)	12h	Todos
23,24,25 mai.	Concerto: Gatuxo (Magín Blanco)	10h,12h	Escolar
26 mai.	Hipnose: Mental (José Rivera & Susana Guisasaola)	20.30h	+ 16 anos
28 mai.	Humor: Las amígdalas de mis amígdalas... (Luis Piedrahita)	19.30h	Todos
2 xuñ.	Bebés: Zapatos (Caramuxo Teatro)	18h,19h	ata 4 anos
4 xuñ.	Teatro: Arsénico por compaixón (Teatro Muxicas)	19.30h	+ 14 anos

- Todos os públicos Bebés Infantil
 Escolares + 12 anos + 16 anos
 Adulto Evento Proximamente
 Recomendado Estrea

Entradas:

www.ataquilla.com, no teléfono 902 504 500,
 na Sala de exposicións Afundación Ourense
 (Praza Maior, 4) e na billeteira do Auditorio
 dúas horas antes da función.

Plano da Sala Principal e datos de interese



@ourensecultura

Auditorio Municipal de Ourense

Rúa da Canle, 2 | Tel: 988 391 290 | www.ourensecultura.com

GPS: 42° 20' 16.5851" N, 7° 51' 35.4560" W

Concellería de Cultura

Rúa da Canle, 2. 32004 - Ourense | Tel: 988 391 290

Campaña Municipal para o fomento da lectura

Do 4 de maio ata 12 de xuño | Centros escolares: 9h a 14h
Público en xeral: martes e xoves de tarde | Contacontos sábados pola mañá



Máis alá das nubes

XVIII Exposición Animación á Lectura

Sinopse: O día e a noite, o sol, as estrelas e a lúa, forman parte da experiencia diaria de nenos e nenas. Merece a pena compartir con eles a marabilla do Universo. Aínda que a humanidade é quen de chegar á lúa ou preparar viaxes a Marte, esquecémonos do noso entorno espacial, perdendo a capacidade de observación e contemplación. Pasamos o día pendentes dos reloxo, móbiles, ordenadores e televisores.

Que poidan sucederse o día e a noite é algo marabilloso, como o movemento aparente do sol e as estrelas, a sucesión das estacións ou a contemplación da lúa. Queremos que os nosos rapaces comecen desde pequenos a desenvolver a capacidade de observación e asombro por estes fenómenos naturais cos que nos agasalla o Universo todos os días.

Correlingua

3 de maio | 10h e 12h | escolar



Correlingua

Sinopse: Baixo o lema En galego, sen cancelas imos festexar un ano máis a lingua con alumnado de Infantil e Primaria de Ourense e comarca. Isabel Risco será a encargada de amenizar o acto, onde haberá actuacións dos centros de ensino participantes e do grupo gañador do Cantalingua 2017.

A continuación haberá unha andaina polo Centro histórico da cidade para rematar na Praza Maior con xogos populares.

Teatro para bebés

5 de maio | 18h e 19h | Ata 4 anos | 35m | Gratuito bebés. Anticipada: 3€ / Billeteira: 4€



Os contos do chupete

Migallas Teatro

Sinopse: Bea e Davide teñen un problema. O seu lobo leva chupete... Cada vez que llo intentan quitar, chora. Pero chora moito... a quen se lle conte, un lobo con chupete! Está desconsolado. Contos, cantos e cancións serán a solución. Os contos do chupete é unha sesión de contos para bebés na que se integran música en directo, literatura infantil, expresión dramática e tradición oral.

Elenco: Bea Campos, Davide González

Planifica o teu lecer e benefíciate do bono á carta!

Merca **5 entradas** e obterás **un desconto do 20%** no seu prezo.



Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Danza

6 de maio | 23h | + 16 anos | 60m | 5€



Oskara

Kukai Danza

Sinopse: Oskara é un traballo instalativo que percorre algunhas paisaxes da cultura vasca. Supón o encontro entre Kukai Dantza e Marcos Morau/La Veronal. É a unión entre dous universos coreográficos e dúas olladas cara á danza que navegan entre a raíz máis popular e a expresión máis vangardista. Debuxa un percorrido plástico e emocional de símbolos e iconografía de forza ambigua e desconcertante que, da maneira máis absoluta, contén a historia da experiencia humana.

Elenco: Jonathan López, Eneko Gil, Ibon Huarte, Martxel Rodríguez, Urko Mitxelena. Cantante: Thierry Biscary. Director: Jon Maya Sein. Idea e dirección de escena: Marcos Morau Koreografía

Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Teatro

7 de maio | 12h | + 6 anos | 35m | Anticipada: 3€ / Billeteira: 4€



SMART, como un teléfono inteligente pode converterte nun idiota

SMART

Sinopse: Comedia arredor do mundo das aplicacións móbiles. Tres pallasas enganchadas ao seu smartphone acoden a unha clínica de rehabilitación para superar a súa adicción. Desorientadas e sen o seu móbil, terán que aprender de novo a comunicarse e a vivir sen estar aferradas ao celular.

Elenco: Akira Valero, Natalia Outeiro, Marta Iglesias. Autor, director: Antón Coucheiro

Planifica o teu lecer e benefíciate do bono á carta!

Merca **5 entradas** e obterás **un desconto do 20%** no seu prezo.



Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Exposición

Do 8 maio ata o 16 xuño | Vestíbulo superior



Exposición CEIP Mende


Sinopse: A exposición conmemora as Letras Galegas ilustrando tres contos do libro Vento ferido escrito por Casares.

Cada alumno escolleu un momento do relato e elaborou un gravado coa técnica da linografía, facendo a matriz e a edición no taller da aula de plástica.

O seguinte texto foi no que se inspirou o autor da imaxe que anuncia a exposición: Despois colleu un vimbio e pasoullo polas pernas e pola barriga sen lle dar. Botamos a sortes e tocoume a min. Quixen fuxir ou tirarme ao río, pero o Rata miroume así, como me mira el, e collín o vimbio. “Veña”. Dixenlle que non. “Mira Rafael, que che tocou en sortes”. Díxenlle que non. “Mira, Rafael, que non me enchas”. “Mira Rafael...” Pola voz souben que me ía dicir o da miña nai...

Teatro

10 e 11 de maio | 20.30h | + 18 anos | 50m | Anticipada: 3€ / Billeteira: 4€



Memorias dun ser humano disperso (versión 6.0)

Produccións Dispersas

Sinopse: Espectáculo cómico-musical, un cabaré absurdo protagonizado por unha personaxe perdida, disfuncional e un pouco esquizofrénica, que debece por escapar dun mundo que non comprende e no que non é comprendido a un lugar moi afastado no que todo será diferente. Existirá tal paraíso?

Elenco: Diego Freire

Aforo reducido

Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Teatro

12 de maio | 20.30h | + 14 anos | 75m | Entrada gratuíta ata completar aforo



Os mortos daquel verán

Talía Teatro

Sinopse: Talía teatro e o Centro Dramático Galego presentan unha aproximación escénica á novela Os mortos daquel verán, do autor homenaxeado nas Letras galegas 2017, Carlos Casares.

A aparición do cadáver do boticario Ernesto Vilariño Dacal, morto supostamente en accidente ao comezo da guerra civil, pon en marcha unha investigación xudicial na que unha rica galería de personaxes irá achegando o seu testemuño para intentar esclarecer o caso.

Dirección: Artur Trillo

Elenco: Toño Casais, María Ordóñez, Dani Trillo, Rubén Prieto, Diego Rey, Marta Ríos, Artur Trillo e Xurxo Barcala

Concerto

13 de maio | 20.30h | Todos os públicos | 90m | 14,04€



Coti

Cercanías y confidencias

Sinopse: Cercanías y confidencias é o proxecto máis íntimo do cantante e compositor Coti. Un concerto no que Coti debulla a súa esencia de autor, compositor e cantante creando unha atmosfera íntima na que público e artista establecen unha conversa musical única. O saber por que e onde naceu unha canción é a esencia deste espectáculo.

É a primeira vez que Coti se enfrenta só a todos os temas que nos agasallou ao longo da súa carreira co seu piano e súa guitarra. Coas cancións máis coñecidas e as máis queridas por el. Tamén aquelas que compuxo para outros, ademais dalgunha que outra sorpresa.

Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Danza-Circo

14 de maio | 12h | Todos os públicos | 55m | Anticipada: 3€ / Billeteira: 4€



Up2Down - TrasPediante

Pistacatro Productora de soños

Sinopse: Dúas bailarinas e dous cables de funambulismo dirixidas por un pallaso. Up2Down é un espectáculo de danza-circo contemporáneo no que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo; creando un universo singular.

Elenco: Marta Alonso, Paula Quintas. Director: Arturo Cobas

Planifica o teu lecer e benefíciate do bono á carta!

Merca **5 entradas** e obterás **un desconto do 20%** no seu prezo.



Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Concerto

16 de maio | 20.30h | Todos os públicos | 90m | Con convite, ata completar aforo.



Carlos Casares

**CONCERTO DAS
LETRAS GALEGAS
2017**

Concerto Letras Galegas

Real Filharmonía de Galicia

Sinopse: A cidade de Ourense acolle por primeira vez o Concerto das Letras Galegas, unha iniciativa que desde hai sete anos pon música á festa do 17 de maio cun repertorio musical integrado por obras galegas.

Elenco: Real Filharmonía de Galicia. Director: Maximino Zumalave. Voces: Coro novo da Orquestra Sinfónica de Galicia. Director do coro: Daniel García Artés

Reserva de entradas: auditorio@ourense.es ou no teléfono 988 391 290

Recollida de entradas: na billeteira do Auditorio, a partir de dúas horas antes da función.

Música

19 de maio | 21.30h | Todos os públicos | 90m | Anticipada: 10€ / Billeteira: 13€



Escuchando Elefantes

Presentación novo álbum

Sinopse: Escuchando Elefantes son Silvia e Carlos, dúas voces que chegaron a soar como unha. A dinámica e forza que transmiten ao público coas súas cancións débese á súa paixón por tocar na rúa, na que se formaron como músicos. Percorreron Europa compartindo experiencias con músicos como os oscarizados Glen Hansard e Markéta Irglová, Paddy Casey, Damien Rice, Bono (U2), Lisa Hannigan, Hozier, Kodaline e Sinéad O'Connor, entre outros.

+ info: www.escuchandoelefantes.com

Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Concerto

20 de maio | 19.30h | Todos os públicos | 90m | Gratuito ata completar aforo.



Unidade de Música da Garda Real

Sinopse: Herdeira da antiga Banda de Alabarderos, ten a súa en 1707. Está estruturada na Banda Sinfónica, Banda de Guerra e Sección de Pífanos. Entre as súas obrigacións destaca a rendición de honores a SS.MM. os Reis e aos Monarcas e Xefes de Estado estranxeiros nas súas Visitas de Estado a España.

É a Unidade de Música máis representativa das FF.AA., seu repertorio principal o constitúe a música marcial máis característica do noso Exército así como un extenso catálogo de obras dos máis diferentes xéneros da literatura musical occidental.

A Unidade de Música conta cun centenar de profesionais, dirixidos polo Ilmo. Sr. Coronel Músico D. Enrique Damián Blasco Cebolla.

Recollida de entradas: na billeteira do Auditorio, a partir de dúas horas antes da función.

Música

21 de maio | 12h | Todos os públicos | 60m | Anticipada: 3€ / Billeteira: 4€



Cancións para desafinar

Gramola Gominola

Sinopse: A Gramola Gominola é un grupo de música infantil composto por músicos de bandas como Mamá Cabra, De Vacas, Festicultores Troupe ou Di Elas. Nos seus espectáculos fan unha didáctica viaxe pola historia da música onde o público poderá coñecer diferentes estilos que van desde o blues ao reggae, pasando polo pop, country rock ou ska. Cunha posta en escena chea de enerxía, cor e momentos cómicos que gustará por igual a cativos e a maiores.

Elenco: Paco (guitarras e voz), Paula (voz principal), Anxo (baixo), Rodrigo (batería)

Planifica o teu lecer e benefíciate do bono á carta!

Merca **5 entradas** e obterás **un desconto do 20%** no seu prezo.



Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Concerto escolar

23, 24 e 25 de maio | 10h e 12h | Educación Infantil | 50m



Gatuxo

Magín Blanco

Sinopse: Gatuxo é unha metáfora do crecemento da crianza e do descubrimento do mundo desde a perspectiva da arte e da afectividade. O gatuxo é arquitecto dunha casa, músico xoguetón e cantante, pintor de garabatos, explorador, astrónomo, inventor de linguaxes, aprendiz de case todo... E, por suposto, narrador da súa propia historia. As súas cancións permítenos percorrer as diversas etapas da infancia desde que os nenos/as están no útero materno e prolongarnos ao longo de períodos emotivamente moi significativos.

Organiza: //Afundación
Obra Social ABANCA

+ info: www.afundacion.org

Hipnose

26 de maio | 20.30h | + 16 anos | 150m (descanso 10 m | Anticip.: 10€ / Billet.: 12€



Mental

José Rivera & Susana Guisasola

Sinopse: Unha introdución ao fascinante mundo dos misterios da mente e o descoñecido. Utilizan técnicas de lectura en frío, programación neurolingüística, interpretación da linguaxe corporal e suxestión crea a ilusión de lectura de pensamentos, premonición, psiconeuroses, clarividencia e control mental. Déixate atrapar por un espectáculo que te fará dubidar de todo no que crías: Pódese ler a mente, podemos influír nos actos doutras persoas simplemente coa nosa voz, pódese predicir o futuro?

Entradas: www.ticketea.com, e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

Humor

28 de maio | 19.30h | Todos os públicos | 90m

Anticipada: Anfiteatro (17,60€) / P. butacas (20,60€) | Billetería: Anfiteatro (18€) / P. butacas (21€)



Luís Piedrahita

Las amígdalas de mis amígdalas son mis amígdalas

Sinopse: É vostede deses que len a recensión dun espectáculo antes de ir velo? Agora non diga que non, porque o/a pillamos in fraganti. Está vostede de parabéns. As amígdalas das miñas amígdalas son as miñas amígdalas é un show de Luís Piedrahita pensado para xente coma vostede. Xente esixente, aseada e con sentido do humor. Somos tan modestos que preferimos falar ben de vostedes antes que do noso show. Aínda así, non queremos ocultar que deste espectáculo se dixo que é unha das obras máis enxeñosas, brillantes e poéticas do século XXI. O que si queremos ocultar é que foi o propio Piedrahita o que o dixo.

Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Teatro para bebés

2 de xuño | 18h e 19h | Ata 4 anos | 30m | Gratuito bebés. Anticipada: 3€ / Billeteira: 4€



Zapatos

Caramuxo Teatro

Sinopse: Que pasa con todos eses zapatos que xa ninguén usa? Todos os días chegan a un recuncho dun agochado xardín fantásticas historias, as vivencias que traen consigo unha morea de zapatos de todo os tamaños e cores. Unha rapaza é a encargada de coidalos e darlles a benvida ao lugar onde vivirán para sempre.

Elenco: Laura Sarasola

Planifica o teu lecer e benefíciate do bono á carta!

Merca **5 entradas** e obterás **un desconto do 20%** no seu prezo.



Entradas: www.ataquilla.com, Sala Exposicións Afundación Ourense e Billeteira do Auditorio 2h antes da función

Teatro

4 de xuño | 19:30h | + 14 anos | 70m | Gratuíto ata completar aforo



Arsénico por compaixón

Teatro Muxicas

Sinopse: Lucía, unha actriz galega, está a piques de casar co seu mozo Alberte. Cando vai anunciar o casamento ás súas tías Adelaida e Úrsula, descobre que agochan un terrible segredo: o emprego do arsénico como medio para “axudar” a pasar a mellor vida a todos aqueles velliños que consideran que están a sufrir de máis nesta vida. Con esta premisa, Teatro Muxicas presenta un divertido e sorprendente vodevil cheo de acción, de confusión e humor negro e que achega o xa clásico texto de Kesselring á realidade galega.

Premio Max Teatro Afeccionado 2013

Elenco: Aida Saiz, Berta Román, Ricardo Rodríguez, Severino Pérez, Marina Araújo, María del Carmen Fernández, Uxía Morán, Iago López, Francisco Gómez, Luis Pequeño, Teresa Rodríguez, Carmen Bermúdez. Deseño de escenografía: Montse Piñeiro, Laura Iturralde. Construción de escenografía: Luis Iglesias “Luchi”. Deseño e elaboración de vestuario: Yaiza Pinillos. Deseño gráfico: José Lameiras. Axudante de dirección: Melania Cruz. Dramaturxia, dirección, iluminación: Tito Asorey

AUDITORIO MUNICIPAL DE OURENSE



O Auditorio Municipal de Ourense abriu as súas portas ao público por primeira vez o 17 de marzo de 2005 e a súa inauguración artística oficial foi o 4 de abril dese ano coa actuación de Josep Carreras. A súa construción foi promovida polo Ministerio de Cultura, a Xunta de Galicia e o Concello de Ourense.

O seu emprazamento ocupa parte do antigo cuartel instalado no Convento de San Francisco, e foi promovido para dotar á cidade dun lugar no que poder realizar actividades e eventos culturais e sociais.





**AUDITORIO
MUNICIPAL
DE OURENSE**

Rúa da Canle, 2. Tel: 988 391 290
www.ourensecultura.com
GPS: 42° 20' 16.5851" N 7° 51' 35.4560" W

  @ourensecultura



Entradas:

- www.ataquilla.com
- Teléfono: 902 504 500
- **Sala de exposicións Afundación Ourense**
(Praza Maior, 4)
- **Billeteira do Auditorio**
(dúas horas antes da función)

